

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DUN APARCADOIRO DISUASORIO EXECUTADO NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADUMIA, NA ENTORNA DO P.Q. 9+000 DA AUTOVÍA DO SALNÉS (AG-4.1) EN BARRANTES, FINANCIADO POLO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NextGenerationEU”.**

## **REUNIDOS**

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, na súa condición de conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don David José Castro Mougán, na súa condición de alcalde do Concello de Ribadumia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe a letra b) do apartado 1 do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

## **EXPOÑEN**

**Primeiro.** Con data 17 de decembro de 2024, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co concello de Ribadumia un convenio de colaboración para a transmisión da titularidade dun aparcadoiro disuasorio executado no termo municipal de Ribadumia, situado na entorna do P.Q. 9+000 da autovía do Salnés (AG-4.1) en Barrantes e adxacente a marxe dereita da estrada provincial EP-9405.



**Segundo.** Apreciado erro na mención da lexislación de aplicación do Expoñendo sexto do convenio, ao tratarse dun aparcamento disuasorio adxacente a unha estrada provincial, e que non forma parte do dominio público da estrada autonómica “autovía do Salnés (AG-4.1)”, polo que a transmisión da titularidade do aparcadoiro non se pode realizar ao abeiro da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, a mesma deberá formalizarse ao abeiro da sección 1ª do Capítulo IV do Título II da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas.

As partes reunidas ACORDAN a modificación do Expoñendo Sexto e a Cláusula Terceira do convenio, que quedarían redactados da seguinte forma:

***Expoñendo Sexto.***

Donde o convenio firmado o 17 de decembro de 2024 di:

***Sexto.*** *A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a o abeiro da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, elaborou, aprobou, ...*

Deberá decir:

***Sexto.*** *A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a o abeiro da sección 1ª do Capítulo IV do Título II da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas, elaborou, aprobou, ...*

***CLÁUSULA TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBADUMIA***

Donde o convenio firmado o 17 de decembro de 2024 di:

*A continuación, o cambio de titularidade tramitarase ao abeiro do artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.*

Deberá decir:

*A continuación, o cambio de titularidade tramitarase ao abeiro da Sección 3ª do Capítulo V do Título I da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.*





No caso de que o aparcadoiro deixe de destinarse a tal fin, procederá a devolución do mesmo ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte ao establecido na Lei 6/2023, do 2 de novembro.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data consignada na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deportes

O alcalde do Concello de Ribadumia

Diego Calvo Pouso

David José castro Mougan

